MOSTRA DE TEATRO ESCOLAR 2017

Concello de Boiro

16, 21, 22 e 23 de novembro

Casa da cultura "Ramón Martínez López"

A concellería de cultura do Concello de Boiro un ano máis organizan unha nova edición da **Mostra de Teatro Escolar** ofertánlle a posibilidade aso centros de ensino de asistitir a varios espectáculos teatrais que se representarán ao longo desta semana na Casa da Cultura *"Ramón Martínez López"*. Pretendemos e tratamos de achegar o teatro ao alumnado así como potenciar hábitos e valores que favorezan o desenvolvemento persoal e social. Asistirán ao redor de mil escolares dende primeiro de primaria ata sexto dos seguintes C.E·I.P. de: Escarabote, Abanqueiro, Cespón, Praia Xardín, Sta Baia, Sta María do Castro.

Xoves 16 de novembro ás 11:30 h

Baobab Teatro "O lobo e a lúa"

Baobab Teatro representará o espectáculo galardonado co "Premio Barriga Verde" e incluído na "Rede Galega de Teatros e Auditorios 2017".

O LOBO E A LÚA (PREMIO BARRIGA VERDE)

O lobo é a lúa conta a historia dun lobo que chama pola lúa, ten que falar con ela, ten algo moi importante que dicirlle, pero a lúa está moi alta e non lle escoita. Pequeno lobo fará o imposible para falar coa lúa.

O lobo e a lúa é un espectáulo tenro, acolledor e divertido, cunha duración de 45 minutos.

Había unha vez un pequeno lobo que vivía no prado azul, el precisaba falar coa lúa, como a lúa estaba moi lonxe non lle escoitaba, así que o lobo tiña que berrar, cos seus berros non deixaba durmir a ninguén, nin a Nina a tartaruga, nin a Duarte o elefante, nin a Miñao un gato malvado.
No seu intento de falar coa lúa coñece a Mariano, un rato falador e divertido que lle axudará, ou quizais non.

No prado azul esta noite, ninguén pode durmir!

Martes 21 de novembro ás 11:30 h

Casa da cultura “Ramón Martínez López”

TEATRO DA SEMENTE Gretel e Bela

Gretel (personaxe extraída de Hansel e Gretel) e Bela (a Bela Adormecida) atópanse nun bosque e comezan, xuntas, unha viaxe iniciática cara a crecemento persoal sen necesidade de príncipes nin palacios.
Tras explorar e experimentar no tránsito do bosque á cidade -da nenez á madurez- as dúas amigas pasarán por un trance que cambiará as súas vidas, poñendo en alza o valor da valentía e da amizade ate chegar á autonomía, a liberdade e o amor por elas mesmas.

Unha bruxa e un cego serán compañeiras/os de camiño, o ben e o mal misturados coma estas dúas personaxes de conto.

Dossier e programa de man: http://www.urdime.net/#!teatro-da-semente/c1rk7

Elenco: Raquel Queizás (Gretel, Ciego, Gallina) y Chus Álvarez (Bella, Buho)

Duración: 50 minutos

Texto: basado en el original de Manuel Lourenzo *Gretel e Bela*



Mércores, 22 de novembro, ás 11:30 h

Casa da cultura “Ramón Martínez López”

- SMART Como un teléfono intelixente pode convertirte nun idiota

SMART Como un teléfono intelixente pode convertirte nun idiota é unha comedia sen palabras sobre o mundo das apps móviles, un show de **clown na era dixital**.
Tres pallasas adictas aos seus teléfonos acoden a probar unha nova e misteriosa aplicación. Cando quedan sen os seus celulares, terán que aprender a relacionarse de novo analóxicamente. Unha **sátira social** sobre os nosos comportamentos fronte á tecnoloxía. Unha historia de descubrimento e de amizade, nunha época de máxima conectividade coa rede e de absoluta desconexión entre as persoas.
Paos de *selfi*, soños con *app*, *WiFis* que fuxen, coros de ringtones, cubos táctiles, *clowns* dixitais nativas, diálogos con emoticonos, habitacións virtuais e *video mapping*. Benvidas a **SMART**, un universo delirante, onde os teléfonos son máis intelixentes que as persoas.

Elenco artístico:

Natalia Outeiro

Akira Valero

Marta Iglesias

Teatro / Xestual

Duración

65 min

TEATRO / XESTUAL

Dirección: Antón Coucheiro

Xénero: Teatro xestual, clown

Tipo espectáculo: Circo e clown

FOTO DO ESPECTÁCULO SMART

Xoves , 23 de novembro, ás 11:30 h

Casa da cultura "Ramón Martínez López"

Larraitz Urruzola "O crebanoces"

O Crebanoces é un espectáculo para títeres inspirado no conto de Hoffmann e dirixido a público familiar. No espectáculo emprégase a música que creou Tchaikowsky e está deseñado para ser interpretada tanto con formación musical como sen ela.

O padriño Drosselmeier vainos contar a historia do xoguete que acaba de traer neste nadal para os seus sobriños Clara e Fran. É un agasallo moi especial, un boneco crebanoces que se enfrentará á Raiña dos Ratos e levará a Clara ao mundo dos contos, onde escoitaremos a suite completa do Crebanoces de Tchaikovsky.

O espectáculo está producido para monicreques de mesa con manipulación mixta (siluetas, bocóns, obxectos e outros). Está dirixido a público familiar, de maneira que o disfrute será maior na medida en que acudan os nenos/as cos seus irmáns máis vellos ou coas nais e pais, tíos/as ou avós/as.

No espectáculo soa completa a suite do Crebanoces de Tchaikowsky. Durante a execución da música hai pantomimas dos bonecos, e entre unha e outra parte musical hai escenas con partes faladas dos bonecos e narración cara ao público.

Duración: 60 minutos